

Feira Franca

A xograría

Daquilo deixou conta a xograría da época: a prebenda do rei; 15 días antes ou 15 días despois de San Bartolomeu ha de haber franco mercado, festa de renome na ilustre vila de Pontevedra. Franca de ledicia, de convivio, de felicidade; máis de vinte anos deixando historias e lembranzas no imaxinario colectivo de xograsas e trobadores.

Os días 6 e 7 de setembro hai Feira Franca de monicrequeiras, saltimbanquis, trobadores, xograsas, bailarinas... na ilustre vila de Pontevedra. Ha de haber mercado libre de unguentos, de flores, de feitizos; ha de haber xantares: de asados, de doces de convento, de viandas de pobres e de ricos e ha de haber bailes, dende o amencer ata o solpor. A música anegará as rúas, os bailes acariñarán as pedras, haberá novos amores e antigos lumes vivos, haberá encontros e novas paixóns. Ha de haber artesáns de mans privilexiadas, zoqueiros de zapatos máxicos, xoieiros da mesmísima Urraca, creadores de obxectos misteriosos que devolven a felicidade, redeiras que procuran tritóns, coidores de bestas e outros animais fantásticos.

Esperámosvos na ilustre vila de Pontevedra, onde ha de haber Feira Franca, un convivio de xograsas, danzantes, cantareiras, artistas multifacéticas que cantaban historias. Grazas a elas creouse a tradición oral, para que a literatura obteña un rexistro da súa memoria e sexa trazable no tempo. Ha de haber; vinde. Non te deixes vencer pola apatía, déixate gañar pola alegría. Has volver caer con golpes de risas e abrazos fraternos de amigos; vinde. Conta a lenda que a Feira Franca ha traer de novo a ilusión; traerá luz, festa, amoríos. Precisamos historias novas coas que argallar poesía. Vinde, hai Feira Franca na ilustre vila.

Xograsas vidos da Provenza, de Portugal, das cortes de Castela mesturaranse con avezados trobadores e poderosas xograsas para encher de sátiras e críticas as rúas. Para pórille cor ó cotiá. Vinde! Mariñeiros, valentes soldados de Monterrei, de Vimianzo, de Soutomaioir; moursas de Tras os Montes, Sereas de Fisterra, cabaleiros de Santiago, estraños buscadores de tesouros, xograsas namorados, doncelas valentes, con coraxe, libres; vinde! Esperámosvos para darlle temas ás trobas deste ano!



Festa de Interese Turístico de Galicia

XXIII

Feira Franca. Programa 2024

Venres 6 de setembro

XORNADA INAUGURAL

19.00 h **Pregoeiros a cabalo** anuncian o comezo da XXIII edición da Feira Franca polo centro histórico.

22.00 h **Espectáculo inaugural da Feira Franca: A Historia de Xan da Lus**, a cargo da compañía *Pablo Méndez Performance* na Ferraría.

Sábado 7 de setembro

DÍA DA FEIRA FRANCA

11.30 h **Apertura do mercado medieval** (avda. de Santa María) e da **mostra de oficios** (praza da Ferraría, Pedreira e do Peirao).

12.00 h **Recreación do transporte do viño** pola *asoc. Recreativa de Xeve, A Xanela do Maxín, Troula, Duos Pontes*, música, representacións... Percorrido: rúas de Santa Clara, Sarmiento, Pasantaría, praza da Ferraría e remate na praza da Peregrina.

12.30 h **Cantar de cego e música medieval** a cargo de *Foula* polas rúas do centro histórico.

13.00 h **Demostración e obradoiros de esgrima.** *Escola Hungaresa*, Montero Ríos.

13.00 h **Grupo de animación.** *As Lendas do Camiño do Bruxo do Lerce.*

13.00 h **Tiro con arco.** *Boa Vila*, Montero Ríos.

17.00 h **Demostración e obradoiros de esgrima.** *Escola Hungaresa*, Montero Ríos.

17.30 h **Gran torneo medieval.** *Hípica Celta*, praza de touros. Entrada de balde ata completar capacidade; polas portas 2, 3 e 6.

18.00 h **Cantar de cego e música medieval** a cargo de *Foula* polas rúas do centro histórico.

18.00 h **A galiña dos ovos de ouro.** *Art Monium.*

18.00 h **Os bufóns e trobadores** de *Troula.*

18.00 h **Música e bailes medievais.** *Asociación de Coros e Danzas Duos Pontes*, Peregrina.

18.30 h **Batucada dos Vikingos.**

18.30 h **Tiro con arco.** *Boa Vila*, Montero Ríos.

18.30 h **Grupo de animación.** *As Lendas do Camiño do Bruxo do Lerce* a cargo de *Polavila.*

19.00 h **Animación medieval.** *Olodum do Coio*, centro histórico.

19.30 h **Pasarrúas. Bufóns Medievais.** *Art Monium*, centro histórico.

20.00 h **Gran torneo medieval.** *Hípica Celta*, praza de touros. Entrada de balde; portas 2, 3 e 6.

20.00 h **Grupo de animación.** *As Lendas do Camiño do Bruxo do Lerce.*

21.00 h **Música medieval. Cantares de cego.**

21.45 h **Pasarrúas dos Errantes**, centro histórico.

22.00 h **Pasarrúas. A Santa Compañía**, *A Xanela do Maxín*, centro histórico.



Concello de Pontevedra



Plano medieval de Pontevedra · Espazos da Feira Franca

Ambientación a cargo da Escola Paspallás

1. Praza da Ferraría 2. Praza da Leña 3. Praza do Teucro [azougue] 4. Praza de Curros Enríquez [antigo hospital de san Xoán de Deus] 5. Praza da Pedreira 6. Praza da Verdura [feira] 7. Praza de Méndez Núñez [campo da herba] 8. Teatro Principal [antiga igrexa de san Bartolomeu] 9. Igrexa de Santa María 10. Paseo de Santa María [lampán dos xudeos] 11. Ponte do Burgo 12. Avda. de Santa María [eirado das torres] 13. Xardíns de Casto Sampedro 14. Avda. de Montero Ríos 15. Praza de Touros 16. As Palmeiras 17. CITA [torres arcebispaís]

Centro de Interpretación das Torres Arcebispaís

Imaxínaste como foi a Pontevedra da Feira Franca? No CITA poderás coñecela.

Leva un recordo de balde

Do Diario de Pontevedra. Raíña Vitoria. De 12.00 a 14.00 e de 15.00 a 18.30 h

Fogos para nenas e nenos

RAÍÑA VITORIA. CASTELO MEDIEVAL

De 11.00 a 21.00 h Carruseis medievais para a cativada

De 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h Circuito de xogos

SOPORTAIS DA PEDREIRA

De 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 20.00 h Obradoiros creativos

De 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 h Ludoteca medieval

PRAZA DE ESPAÑA

De 11.00 a 21.00 h Carruseis medievais para a cativada

A partir das 12.00 h Campamento medieval

Guía de actividades fixas

Asoc. Recreativa Xeve. Representación da comitiva do transporte do viño (mercadores, labregos e arrieiros). O grupo irá escoltado polos gardas do antigo Couto de Xeve, encabezados polo señor do pazo de Gondar.

Asoc. de Coros e Danzas Duos Pontes. Espectáculo de danza e música (Peregrina). Taberna medieval (parte posterior Concello).

Club Boa Vila de Tiro con Arco. Demostración de tiro con arco e competición. Gran Vía de Montero Ríos.

A.VV. Salcedo Norte. Xantar e cea medieval acompañados de xogos tradicionais. Xardíns de Casto Sampedro.

Asociación Alba (asoc. de familiares e amigos de axuda a enfermos psíquicos). Obradoiro de olaría. Ferraría.

Ventos. Taller de xoiaría vexetal e escritura. Praza da Ferraría.

Embarcacións tradicionais. Río Lérez

Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial – Culturmar. Concentración de embarcacións tradicionais de Galicia no río Lérez, entre as pontes do Burgo e das Correntes; mostra de embarcacións tradicionais e *atrezzo* mariñeiro.

Mercados medievais

Mercado de ALIMENTACIÓN. Alameda, praza de España, Ferraría, Pasantería e praza de Curros Enríquez.

Mercado de ARTESANÍA. Avda. de Santa María.

Mercado de demostración de OFICIOS e OBRADOIROS. Prazas da Pedreira, Ferraría e do Peirao. Toneleiro, telleros, olaría, tecedeiras de liño, latoeiro, redeiras, palilleiras, canteiros, sombreireiras, cesteiro, ferreiros, carpinteiro, torneiro de instrumentos, curtidor de peles, tallista, carpintería de ribeira...

